

**ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE  
LINGUA GALEGA E LITERATURA  
CPI OS DICES (ROIS)**

MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR SEGUNDO A *ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.*

**1. Atención ás diferenzas individuais na avaliación (artigo 4)**

- O proceso de avaliación adaptárase ás circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (Orde do 8 de setembro de 2021).
- Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

**2. Avaliación (artigo 7)**

- Os referentes serán os recollidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño. No caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto impida a promoción ou obtención do título de graduado.
- A avaliación será continua, formativa e integradora.
- Cando o progreso dun alumno/a non sexa adecuado, estableceranse medidas de reforzo, en calquera momento do curso e tan pronto como se detecten as dificultades.
- O período abranguido entre a 3ª avaliación e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría. Con respecto ao alumnado con materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a 3ª avaliación, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final.

### **3. Plan de reforzo de materias pendentes (artigo 51 da orde do 8 de setembro de 2021)**

- Elaborado polo profesorado que imparte a materia, baixo as directrices do departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.
- O referente serán os obxectivos e competencias da materia.

Incluirá, cando menos:

- Identificación do alumno ou alumna.
  - Información relevante sobre a materia ou materias a superar.
  - Currículo a desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
  - Estratexias metodolóxicas.
  - Recursos.
  - Tarefas de temporalización.
  - Seguimento e avaliación.
  - Acreditación de información á familia.
- Seguimento nas sesións de avaliación e decisión sobre a avaliación na avaliación final.

### **4. Plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso (artigo 52 da orde do 8 de setembro de 2021).**

- Elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor.

Incluirá, cando menos:

- Identificación do alumno ou alumna.
  - Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso.
  - Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
  - Estratexias metodolóxicas.
  - Recursos.
  - Oferta de medidas extraordinarias, de ser o caso.
  - Acreditación de información á familia.
- Seguimento en cada sesión da avaliación.